

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 4 DE SETEMBRO DE 2008. Nº 9/2008.**

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

CONCELLEIROS:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO. (PP)  
D<sup>a</sup>.MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN. (PP)  
D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. (PP)  
D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup>. FE CORTIZO MATO (PP)  
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (PP)  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (PP)  
D<sup>a</sup>. NURIA RODRÍGUEZ CARRAL (PP)  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP)  
D. NICOLÁS VARELA GARCÍA (PP)  
D. JOSÉ MANUEL BREA BLANCO (PP)  
D. M<sup>a</sup> PAZ PÉREZ ASOREY (PP)  
D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ (PP)  
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdG- PSOE)  
D. MANUEL MIGUÉLEZ MONTOTO (PSdG-PSOE)  
D.FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdG-PSOE)  
D<sup>a</sup>.BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. MARTA LÁZARA FONTAO (PSdeG-PSOE)  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (BNG)  
D<sup>a</sup>.SUSANA RODRÍGUEZ CAMBÓN (BNG)  
D<sup>a</sup>. GUADALUPE NÓVOA CARBALLUDE (BNG)

Secretario Xeral: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora: D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## ÍNDICE

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.
- 3.- Expediente relativo á autorización para a cesión do contrato da obra “Nova casa consistorial do Concello de Lalín”.
- 4.- Expediente para a desafectación dun camiño público e posterior alleamento do mesmo.
- 5.- Mocións do Grupo de goberno
  - 5.1.-Moción do grupo de goberno relativa á solicitude de instalación de barreiras de seguridade para motociclistas nas estradas que discorren polo termo municipal de Lalín.
  - 5.2.-Moción do grupo de goberno relativa á aplicación das valoracións catastrais no termo municipal.
  - 5.3.- Moción do grupo de goberno sobre a solicitude de comparecencia a petición propia da Sra. Concelleira de Servizos Sociais.
  - 5.4.- Moción do grupo de goberno relativa á extensión ao Concello de Lalín da unidade de hospitalización a domicilio (HADO) do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).
- 6.- Mocións do PSdG-PSOE
  - 6.1.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á comparecencia da Sra. Concelleira de Servizos Sociais e á implantación dun sistema de control dos vehículos municipais.
  - 6.2.- Moción do PSdeG-PSOE sobre a realización de obras de conservación do Pazo de Liñares.
- 7.- Mocións do BNG
  - 7.1.- Moción do BNG reclamando a construción dun novo colexio público na zona oeste de Lalín.
  - 7.2.- Moción do BNG propoñendo a aprobación dun regulamento de participación cidadán.
- 8.- Rogos e preguntas.

=====

Ás dez horas do día 4 de setembro, xoves, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose a súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Presidente titular *D. Xosé Crespo Iglesias* e como Secretario Xeral *D. César López Arribas*. Actúa de Interventora *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola Presidencia da acta da sesión ordinaria de 31 de xullo de 2008. De seguido o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Por parte de D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao formuláronse as seguintes correccións:

- na páxina 10 eran dous millóns douscentos mil euros, na intervención de D. Manuel María González Aller.

O Sr. Secretario admitiuno.

- na páxina 17 engade que foi ela, e non foron os veciños os que viñeron e non puido ver as contas.

o Sr. Secretario afirmou que dixo que foron os veciños e que ela tamén.

Engadiríase este aspecto

- na páxina 35: o apelido segundo de D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez era "Carral" e non González como figuraba.

O Sr. Secretario admitiuno.

- na páxina 36 había unha frase que non tiña sentido, na intervención de D. Francisco Pérez Donsión.

Admitiu o Sr. Secretario dixo que había que dar outra volta e quedaría así a partir de onde di .."cos problemas actuais. Destacou que o seu grupo, se ben non estaba a prol de facer unha revisión xeral, si coidaba que podía realizarse unha revisión dos valores catastrais nalgúns zonas puntuais e rúas de Lalín onde os valores estarían excesivamente elevados.

D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón:

- na páxina 32, na súa intervención. Cando dixo que pedía que dimita o Sr. Ministro, non dixo que era o *Sr. Jesús Caldera*, porque non era Ministro daquela; en todo caso sería o *Sr. Corbacho*. Ten que suprimirse.

O Sr. Secretario admitiuno.

D. Fco. Xavier Vilariño Taboada:

- na páxina 12, na súa intervención non dixo que as administracións públicas tiñan que endebedarse, senón que en todo caso non vían mal que se endebedaran para prestar certos servizos.

O Sr. Secretario admitiuno.

Con estas correccións indicadas, pasouse a votación ordinaria, a man alzada, e por **UNANIMIDADE** dos asistentes quedou aprobada a acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2008.

## **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano:

1.- Decreto da Alcaldía de 28 de xullo de 2008, polo que se aproba a factura nº 0030424252 a nome de REPSOL BUTANO, S.A. en concepto de combustible piscinas municipais por importe de **6.299,91 €**.

2.- Decreto da Alcaldía de 29 de xullo de 2008, polo que se aproba a factura nº “Varias” a nome de G.Gasóleos Deza en concepto de varios departamentos xullo, por importe de **6.285,00 €**.

3.- Decreto da Alcaldía de 4 de agosto de 2008, polo que se aproba a factura nº 7371080076555 a nome de De Lage Landen Int. en concepto de renting fotocopiadoras, oficinas mples. Agosto, por importe de **648, 09 €**.

4.- Decreto da Alcaldía de 6 de agosto de 2008, polo que se aproba a factura nº D216668 a nome de Xunta de Galicia DOGA en concepto de anuncio DOGA cesión parcela Igualdade, por importe de **328,91 €**.

5.- Decreto da Alcaldía de 8 de agosto de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. José Manuel Méndez García por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **163,78 € e 446,50 €**, respectivamente.

6.- Decreto da Alcaldía de 12 de agosto de 2008, polo que se aproba delegar no Primeiro Tenente de Alcalde, D. Camilo González Bodaño, o cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Lalín a todos os efectos legais desde o día 18 de agosto ata o día 29 de agosto de 2008 ambos os dous días incluídos.

7.- Decreto da Alcaldía de 12 de agosto de 2008, en virtude do cal se aproba o expediente de modificación de créditos número 30-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, cun importe total de **6.000,00 €**.

8.- Decreto da Alcaldía de 12 de agosto de 2008, en virtude do cal se aproba o expediente de modificación de créditos número 31-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, cun importe total de **17.000,00 €**.

9.- Decreto da Alcaldía de 13 de agosto de 2008, polo que se recoñece a obriga de **228,35 €** a AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, C.E.S.A. (ACEGA) e **39,20 €** a AUTOPISTA DEL ATLÁNTICO (AUDASA) correspondente ao recibo do OBE polo telepeaxe do período de xullo de 2008.

10.- Decreto da Alcaldía de 18 de agosto de 2008, polo que se aproban as liquidacións da **taxa por ocupación de terreos de uso público municipal** con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, ansillas, andamios e outras instalacións, correspondentes ao mes de xullo de 2008, por importe de **2.070,28 €**.

11.- Decreto da Alcaldía de 19 de agosto de 2008, polo que se aproba a factura nº 1014234056 a nome de REPSOL BUTANO, S.A. en concepto de combustible biblioteca agosto por importe de **93,32 €**.

12.- Decreto da Alcaldía de 20 de agosto de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Francisco Guerra García por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **103,74 €**.

13.- Decreto da Alcaldía de 20 de agosto de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Nicolás Varela García por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importes de **26,67 €**, **26,67 €**, **160,02 €** e **26,60 €**, **38,00 €**, **125,40 €** respectivamente.

14.- Decreto da Alcaldía de 20 de agosto de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Jesús Dablanca Pallares por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **23,37 €**.

15.- Decreto da Alcaldía de 20 de agosto de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Nuria Granja Fociños por gastos de locomoción por importe de **2, 28 €**.

16.- Decreto da Alcaldía de 20 de agosto de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Antonio Rodríguez Rodríguez por gastos de locomoción por importe de **34,50 €**.

17.- Decreto da Alcaldía de 26 de agosto de 2008, polo que se aproba a factura nº 0030474722 a nome de REPSOL BUTANO, S.A. en concepto de cotas aluguer e mant. Dep. pisc. municipais de agosto por importe de **97,30 €**.

18.- Decreto da Alcaldía de 27 de agosto de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Camilo González Bodaño por gastos de manutención e locomoción por importe de **26,67 €** e **49,40 €**, respectivamente.

19.- Decreto da Alcaldía de 27 de agosto de 2008, polo que se aproba a factura nº 28/99 a nome de Almacén Fiscal Deza, S.L. en concepto de combustible pav. Municipal de agosto por importe de **855, 00 €**.

20.- Decreto da Alcaldía de 27 de agosto de 2008, polo que se aproba a factura nº D216669 a nome de XUNTA DE GALICIA DOGA en concepto de anuncio DOGA conv. urbanístico con M<sup>a</sup>. Josefa Neira García por importe de **106, 20 €**.

21.- Declaración da Alcaldía, en calidade de "Presidente da Asociación Impulsora do Pacto Territorial do Emprego Deza-Tabeirós", de data 25 de agosto de 2008, relativa á inscrición no rexistro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dos estatutos da dita Asociación con data do 11 de xullo do

presente, así como do informe das instalacións e calendario do proxecto e certificación de aprobación do proxecto da Unidade de Promoción e Desenvolvemento “Pacto Territorial de Emprego Deza-Tabeirós” e a solicitude á Consellería de Traballo dunha subvención para os custes salariais para o funcionamento da dita UPD.

*O Concello Pleno quedou enterado.*

### **3.- EXPEDIENTE RELATIVO Á AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DO CONTRATO DA OBRA “NOVA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE LALÍN”-**

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente de 1 de setembro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de voceiros **D. Román Rodríguez González**, do PP explicou o que sucedeu, contando a historia destes últimos meses, co concurso de acreedores dunha das empresas, cos pasos dados, suspensión de pagos, etc. Para a cesión do contrato, agora facía falta un auto do xulgado, e este acordo era un acto, un trámite administrativo previsto, para que os administradores concursais asinen e autoricen en definitiva a cesión. Había non obstante uns flecos entre a empresa FCC e os administradores, unhas diferencias que esperaba que desaparezan o antes posible, e cheguen a un acordo.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** dixo que estamos diante dun novo episodio, desta gran obra que era una “chapuza municipal”, que levaba xa tres anos en obras. Lembrou que arrancou cun orzamento de seis millóns de euros, sendo adxudicada en nove millóns, case un cincuenta por cento máis, e logo houbo varias modificacións que elevaron o orzamento. Dirían non á moción. Coidaba que a obra era necesaria, pero eles non apoiaban chapuzas. Precisou que o que o voceiro popular chamaba “flecos”, para aludir ás diferenzas económicas entre FCC e os administradores, en realidade eran “abismos”, de bastantes millóns. Preguntouse se no momento en que estabamos, non sería mellor deixar a obra como estaba neste intre e non meter máis cartos nela; dixo: “tendo dúbidas sobre isto”. Se preguntaba sobre esta opción. Coidaba que igual era a mellor solución, porque isto parecía un pozo sen fondo.

Desde o grupo nacionalista **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** dixo que este debate xa estaba repetido en plenos anteriores. O asunto de fondo estaba en ver como o grupo de goberno estaba a levar este tema da Casa do Concello, que lle parecía como se fora un caso particular, e este modo de levar era idéntico a como levaba a economía e o financiamento da obra. Esta obra era de envergadura, non era unha obra máis. Non lle era grato ver o estado da obra. A situación arrancou mal, porque xa o concurso foi pervertido e non se adaptaba ao prego de condicións, incrementándose o orzamento previsto. O voceiro do P.P. dixo que non se ían asumir máis cartos inicialmente; logo sucedeu que si, e defendeu o asunto. Os cambios denotaban problemas económicos, e cambios na edificabilidade. Eran uns dez millóns de euros a día de hoxe. O concurso foi irreal e os importes definitivos foron máis alá do previsto no concurso. Pero o único no que non tiña culpa o goberno municipal era no feito de que a empresa á Proinsa lle fora mal. Por isto dixo que, “o grupo de goberno agárrase como un clavo ardendo á quebra de Proinsa”. O debate agora sitúase no destino dos cartos investidos. Non queremos que a obra se quede así; queremos que sexa inaugurada. Pero o seu grupo coidaba que a saída pasaría por darlle outros usos a este edificio agora en construción. A verdade era que

parecía que estabamos diante dun calexón sen saída: o lóxico sería rematar esta obra, e destinala a outros usos para a cidadanía.

Na segunda rolda **D. Román Rodríguez González** insistiu en que o debate era habitual; o PSOE dicía o mesmo que antes. Afirmou que o PSOE nunca apoiou nada, ningunha obra importante, traendo a colación a posición do grupo socialista noutros temas; a postura neste tema, ía na súa liña habitual. A eles lles preocupaba ante todo que a obra quede ben, e claro está que non permaneza moito tempo no estado actual de parada. Esta idea de que poida quedar así no futuro, parecíalle “unha barbaridade”. Ao BNG díxolles que o cambio de uso para outras actividades non se aceptaba. Sostivo que o concurso foi transparente, con luz e taquígrafos; que estabamos todos na contratación; que Proinsa quebrou coa perda de postos de traballos que elo supuxo, e que a saída da antedita empresa da UTE era o mellor para todos, fronte a outras solucións como podían ser a rescisión do contrato. Agora había aspectos internos entre as empresas que tiñan que solventar elas; pero eles non ían entrar neste debate. Finalmente reiterou que o edificio, esta obra emblemática, cando estea rematado, será un orgullo para todos os lalinenses.

Outra vez **D. Manuel María González Aller** afirmou que o seu partido non sacaba nada en limpo en dicir non a esta moción. Eles xa dixeron que non apoiaban máis iniciativas para unha obra que hoxe chegaba aos doce millóns de euros. Lembrou que houbo que retomar o tema e facer unha suba no orzamento inicial, que se empezou con seis millóns e que seguramente rondará finalmente os quince millóns. Reiterou que na intervención anterior eles se preguntaban si, diante da situación presente, non sería mellor que a obra quedara así, como está, e non meter máis cartos nela. O seu grupo polo tanto non estaba de acordo cunha decisión que non era a solución ao problema. Si se parase definitivamente esta “obra emblemática”, como a cualificou o voceiro popular, sería un fracaso municipal. Sostivo que o unha parte das aportación municipal deste ano non tiña financiación e haberá que acudir ao crédito ás entidades bancarias no futuro. Reiterou que o que quixo deixar claro era que había que facer una reflexión sobre esta obra, ver a evolución dos seus custes e facer cálculos do que custará rematala, antes de decidir. Se cambiara o grupo de goberno nas vindeiras eleccións locais, ao mellor no vindeiro mandato hai outra solución.

Desde o BNG **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** anticipou que non apoiarían que a obra quede así, no seu estado actual, convertida nun cemiterio de cemento, apto para debuxar *graffitis* e outros usos similares. A política era facer cousas demandadas polos cidadáns; e aquí convíña facer un cambio de enfoque do edificio. “Con esta obra había que conseguir que o edificio fora algo útil e dera servizo aos veciños de Lalín. “Faltaría mais que con este custe, a obra non o fora”, dixo en alusión ás verbas do voceiro popular. Había un argumento a favor do grupo de goberno: presentouse ás eleccións con esta obra no seu programa e gañaron. Nós como grupo propugnamos outra obra diferente. De todos os xeitos, coidaba que esta obra pasará factura a vostede, dirixíndose ao voceiro popular. Non estaban en contra do endebedamento municipal, pero si en contra das decisións que ata agora se veñen adoptando e desta que se vai adoptar, e que non soluciona, senón que agrava o problema.

Finalizou **D. Xosé Crespo Iglesias** quen dixo que remataba o debate. Falouse de cousas distintas ao que era obxecto do punto da sesión. Explicou que era unha cesión do contrato para que FCC asumira a execución da obra restante. Este tiña que ser o debate e non outro tema. Eles como grupo de goberno e el como Alcalde non se arrepiñen de nada; fixérono o mellor que souberon e o mellor que se puido. O Concello de Lalín estaba entre os máis saneados que había e con moitas menos

dificultades que outros: o goberno socialista quería rebaixar os cartos que remitían aos Concellos. O Sr. Rodríguez Zapatero prometeu facer esta lexislatura “a lexislatura dos Concellos”, e non e así, non lles quitan os cartos ás autonomías, porque son máis fortes, pero si aos Concellos. “Este Concello aínda ten millo no hórreo”, dixo, e pode facer fronte a esta situación, acudindo ao financiamento, algo que xa se verá se ten que recorrer a créditos, a previsión era de quedar “a pré”.

Sometido a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* trece (13) do PP

*Votos en contra:* oito (8) dos que cinco (5) foron do PSOE e tres (3) do BNG.

*Abstencións:* ningunha

En consecuencia, **APROBOUSE** a proposta con base nos seguintes antecedentes:

Tendo en conta a solicitude formulada pola UTE denominada FCC Construcción, S.A. y Professional Interservices, S.A., Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982, de 26 de maio, abreviadamente UTE Lalín, adxudicataria da obra denominada “Construcción y Ejecución de la Nueva Casa Consistorial del Ayuntamiento de Lalín”, con data 1-9-2008, nº de rexistro de entrada 5174.

Executado xa o 20% das obras enriba referenciadas, en concreto o 43% que ascende a 4.176.331,28 € do importe total do contrato de 9.701.865,42 €, faltando por executar 5.525.534,14 €, segundo consta acreditado polos informes de Secretaría e Intervención, preceptivos ambos, de data 4-9-2008 ofrecendo a empresa FCC, Construcción, S.A.” solvencia económica e financeira para a execución do contrato, e estando interesada esta empresa en executar o resto das obras, tal e como o expresa na antedita solicitude.

Unha vez autorizada polos Administradores concursais do Xulgado do Mercantil nº 2 de Pontevedra, mediante Auto de data 23- de xullo de 2008 a cesión do contrato a favor da entidade FCC Construcción, S.A.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- “Aceptar e autorizar a cesión do contrato de “Construcción y ejecución de la nueva Casa Consistorial del Ayuntamiento de Lalín”, adxudicado polo Pleno desta Corporación de Lalín o día 25 de abril de 2006 á UTE Lalín, á empresa FCC Construcción, S.A. polo importe de cinco millóns cincocentos vinte e cinco mil cincocentos trinta e catro euros con catorce céntimos de euro, 5.525.534,14 € que resta por executar e con suxeición ás condicións e obrigas contidas nos pregos administrativos, técnicos e no proxecto”.

2.- Facultar ao Sr. Alcalde para o outorgamento da escritura pública de cesión do contrato na notaría e no seu caso a sinatura dos contratos administrativos correspondentes. O presente acordo trasladarase á UTE, á empresa FCC e aos administradores concursais do procedemento do Xulgado do Mercantil nº 2 de Pontevedra.

3.- Notificar o presente acordo á UTE Lalin e a FCC Construcción S.A.

**4.- EXPEDIENTE PARA A DESAFECTACIÓN DUN CAMIÑO PÚBLICO E POSTERIOR ALLEAMENTO DO MESMO.**

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio de 1 de setembro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Desde o grupo de goberno, o edil delegado do rural **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** dixo que había un camiño que perdeu a razón de ser, porque hoxe existían outras alternativas na zona que lles permitía aos veciños as súas comunicacións sen empregar dita vía e que estaba parte en solo de núcleo rural e parte en solo rústico. Afirmou que, unha vez desafectado o camiño, se podían dar varias solucións: ou vender este tramo de terreo ou darlle outra solución como podía ser a permuta de terreos. Esta idea era beneficiosa tanto para o dono coma para o Concello. O expediente estivo exposto ao público, non houbo reclamacións e agora, como trámite final do expediente, traíase para acordalo nesta sesión.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller**, dixo que si que apoiarían a desafectación, entendendo que era beneficioso para os veciños e para o Concello.

Pola formación nacionalista **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** dixo que tamén apoiarían a proposta. Pero dixo que botaban de menos no expediente que houbera un escrito dos veciños no que fixeran as peticións.

Contestou **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** no sentido de que aos veciños non lles preocupaba o tema; por isto non presentaron ningún escrito.

Interveu **D. Xosé Crespo Iglesias**. Dixo que el coñecía ben o lugar; había un camiño vello que era a pista que ía de Pareizo a Céceme. Un tramo do mesmo levaba algún tempo en desuso. Contaba cuns seis ou sete metros de longo por dous ou dous cincuenta de ancho.

Deste asunto lembrou que hai dez anos os veciños viñeron xunto el, a falar do tema. Agora este tramo do camiño xa non tiña sentido porque os veciños contaban con outro que lles permitía comunicarse mellor e por elo non o usaban. A xente coñece este tema e non fai escritos porque non lle importa e non lle afecta.

Reiterou de novo **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** que o expediente debía vir avalado polos veciños, porque se trataba de eliminar un dereito de paso, e non consta o asentimento dos veciños. En consecuencia, absteríanse neste tema.

Sometido a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dezaioito (18) dos que trece (13) foron do PP e cinco (5) do PSdeG-PSOE.

*Votos en contra:* ningún

*Abstencións:* tres (3) do BNG

Visto o expediente antes indicado e tendo en conta os informes de Asesoría Xurídica e de Secretaría, considerando que de acordo co disposto no artigo 45.2. n) da LRRL, 7/85, de 2 de abril, fai falta contar co acordo da maioría absoluta dos seus membros, e alcanzado este quórum esixido (once no caso de Lalín), posto que votaron afirmativamente dezaioito, **APROBOUSE** a proposta en base aos seguintes antecedentes:

Visto que no Concello se tramitou o preceptivo expediente para proceder á desafectación ó uso público dun camiño/sendeiro en Céceme, Goiás.

Procede remata-lo citado expediente, desafectando o dito camiño, que queda deste xeito coa cualificación xurídica de ben patrimonial e parcela sobrante, o que posibilita o seu alleamento en favor dos estremeiros, neste caso do solicitante dado que o outro estremeiro non mostrou interese no mesmo.

O Concelleiro asinante considera máis conveniente para o interese xeral, e en especial para os dos veciños que noutrora se serviron do camiño en cuestión, proceder ó seu alleamento mediante permuta con outros bens do solicitante (en vez de recibir contra prestación económica), que son necesarios para mellorar os accesos ó núcleo de Céceme (onde na actualidade non entra o camiión da recollida do lixo, e o fan con dificultade outro tipo de vehículos), e a outras zonas do lugar, revertendo en definitiva deste xeito os beneficios obtidos nos veciños de Céceme.

Xa que logo, **ACORDOUSE:**

**1º.-** Desafectar do uso público o tramo de camiño que se describe no informe e plano adxuntos ó expediente asinado polo Sr. Enxeñeiro técnico municipal o día 27 de marzo de 2008, que obra no expediente. O citado tramo de camiño pasa a ter a cualificación de ben patrimonial do Concello e a condición de parcela sobrante.

**2º.-** Autoriza-lo alleamento do citado camiño en favor do propietario estremeiro co mesmo *D. José Luis Fernández Gil*, e mediante permuta cos bens da súa propiedade (ou da súa familia) que se describen no informe e planos adxuntos asinados para o efecto polo Sr. Enxeñeiro Técnico Municipal con data 28 de agosto do ano en curso, quedando facultado o Concelleiro propoñente para levar a cabo cantas xestións, e asinar os documentos que fosen precisos, para acadar o bo fin deste acordo.

## **5.- MOCIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

### **5.1.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RELATIVA Á SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE BARREIRAS DE SEGURIDADE PARA MOTOCICLISTAS NAS ESTRADAS QUE DISCORREN POLO TERMO MUNICIPAL DE LALÍN.**

A Presidencia deu conta desta moción de 22 de agosto de 2008 (núm. de orde 5008). A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais e Seguridade Cidadá do día 1 de setembro de 2008.

Na rolda de voceiros, a explicación desta moción foi a cargo de **D. José Antonio González González**, edil delegado de dinamización rural. Sinalou que os actuais “quitamedos” instalados nas estradas están a causar maiores danos e lesións nos accidentes dos motociclistas. Estaba previsto facer un primeiro paquete en Galicia, que ao parecer non chegou a Lalín. Non se beneficiaba a esta zona, a pesares dos accidentes que houbo, dous ultimamente, con amputacións de membros do corpo. Coidaba que valía a pena gastar cartos para evitar estes danos persoais. Leu de seguido a parte dispositiva da moción, onde concretaba as peticións. A maiores incidiu en que nas estradas de nova construción deberan ser xa colocados este novos quitamedos, aínda que xa é obrigatorio por lei. Referíase ás obras nas estradas adxudicadas antes da entrada en vigor da lei. Reiterou que había un gran número de accidentes e que estaban en xogo as vidas das persoas. O comentario entre “os moteiros” sobre este tema era que “debía de morrer un fillo de alguén importante” para que se substituíran os actuais quitamedos. Hoxe dixo, non hai ningunha medida tomada ao respecto nas estradas comarcais. A solución desde logo pasa por colocalas inicialmente nos “chamados puntos negros das estradas comarcais, e logo instalalas tamén no resto das estradas e nas rectas longas.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** dixo que as medidas propostas de substitución dos actuais quitamedos por outros máis seguros, interesaban a todos, porque afectaban á seguridade vial, e todas as medidas que se adopten ou se propuñan as apoiarían. Citou que estes días saíron os datos estatísticos dos accidentes e número de mortos que eran máis baixos que os do ano anterior. Entendía que máis que solicitar algo que xa está aprobado, como é a substitución dos actuais quitamedos, o que había que facer era “*meter presa á administración*” para que efectúe estes cambios, e en segundo lugar esixirle á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes que as estradas novas entre as que citou a estrada que estaba en obras no municipio de Silleda, leven xa as novas medidas de seguridade.

Polo grupo nacionalista, **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** dixo estar de acordo no cento por cento da moción. Non obstante había que destacar que o incumprimento á que se refería a moción era por parte de todos. Citou que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte presentou no ano 2006 un plan de seguridade vial, cunha inversión de moitos millóns de euros para o período 2006-2010. Hoxe tiña que estar feito aproximadamente a metade de dito plano; a realidade era que non estaba. No DOG de 1-4-2009 consta a publicación dunha partida habilitada para este programa referido aos puntos negros e non sabía se esta medida ou partida ía dentro do plano anterior ou non, sendo unha medida illada, para as vías de Barbanza e Salnés, tramos abertos e curvas pechadas. Doutra banda tamén salientou que a Deputación Provincial de Pontevedra no ano 2007 habilitou unha partida con cargo aos orzamentos do ano 2008 para quitar os quitamedos de varios millóns de euros. Houbo unhas declaracións do Sr. Presidente, Sr. Louzán de que na primeira fase ían efectuarse os cambios en Vigo, Pontevedra e tamén no Deza cun total de 283 qm. En resumo, se ben o Ministerio de Fomento non cumpriu neste eido, tampouco cumpriu a Deputación Provincial de Pontevedra .

De novo no uso da palabra e na segunda rolda, **D. José Antonio González González** recoñeceu que se ben era difícil para calquera administración executar o cento por cento, insistiu en que a colocación destes equipos xa se podían acometer nos puntos negros das estradas, como podían ser as curvas pechadas; e logo se colocarían nas rectas e no resto da rede onde hai menos accidentes. Afirmou que o que se quere en definitiva é que se cumpran as medidas aprobadas por parte de todos, e que os moteiros pasasen por Lalín.

Respecto ás verbas de *D. Manuel María González Aller* sobre a estrada de Silleda afirmando que esta vía aínda estaba sen acabar, coidaba que xa estaba rematada. Era certo que os datos anunciados estes días confirmaban que había unha tendencia á baixa no número de accidentes e no número de mortos, pero tamén había que dicir todo e dar outras causas; en concreto dixo que tamén baixou a venda de coches e de motos este verán por mor da crise económica; os impostos sobre as motos eran máis elevados que antes, en todo o país. Con estas medidas propostas, entendía que se reduciría o número de accidentes e de mortos. Lembrou para elo que houbo na comarca ultimamente dous mortos e varios accidentes máis que ocasionaron amputacións de membros nos condutores, feitos que eran máis que suficientes para xustificar as peticións da moción.

Tamén **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** reiterou o xa dito. Era certo que o investimento a realizar era grande e importante, pero coidaba que tamén tiña que haber prioridades á hora de realiza-lo mesmo, comezando cos puntos negros e curvas pechadas, zonas máis perigosas, e logo sen dubidalo había que levalo a cabo nos traxectos rectos e a toda a rede.

Finalmente **D. José Antonio González González** dixo que si, que a cuestión era empezar dunha vez con estas instalacións novas.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, aprobouse por **UNANIMIDADE**.

Xa que logo o Pleno **APROBOU** a devandita moción, con base nos seguintes antecedentes:

Os condutores de vehículos de dúas rodas están a liderar unha loita desde hai tempo para demandar a dotación, no conxunto da rede de estradas nacional, de barreiras de seguridade adicionais, para que os denominados comunmente “quitamedos” deixen de converterse en puntos de consecuencias tráxicas para os motociclistas en caso de accidente.

Neste senso a entrada en vigor da Orde UNE 135900 sobre “Avaliación do comportamento dos sistemas de protección de motociclistas nas barreiras de seguridade e pretís”, que foi desenvolvida pola Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR), xunto co Goberno central e coas administracións autonómicas, así como cos fabricantes de barreiras e usuarios, que lograron chegar a un consenso logo de máis de tres anos de consultas e negociacións, supón un punto de inflexión a ter en conta respecto das reiteradas demandas dos afeccionados ao mundo do motor e ao ciclismo relativas ao incremento da seguridade nos viais.

Non obstante, esta normativa que contempla a adopción dun sistema de protección completo na parte inferior do gardarraíl, consistente nunha dobre bionda, e realizado en diferentes materiais como o poliuretano, madeira ou plástico, convén facela efectiva e levala á práctica canto antes. A razón é que estes suplementos de protección permiten mellorar substancialmente a seguridade dos motociclistas en caso de impacto cos “quitamedos”, xa que ofrecen un sistema de amortecemento eficaz que evita en boa medida o impacto violento do piloto ou do acompañante contra esta barreira, freando así, en parte, as consecuencias graves que iso conleva na maior parte dos accidentes.

Desde un punto de vista técnico os gardarraís foron ideados como un elemento necesario para a seguridade pasiva das nosas estradas, axudando a previr que un vehículo saíse despedido dunha vía caendo por un terraplén ou invadindo o carril contrario nunha autovía, no caso de perder o control do automóbil. Sen embargo para un vehículo de dúas rodas como un ciclomotor ou unha bicicleta, onde a principal “carrocería” non é outra que o corpo humano, chocar contra este tipo de proteccións provoca que o corpo do condutor e/ou do acompañante sufra consecuencias fatais, xa que os “quitamedos” soen actuar a modo de guillotina contra o seu corpo, sufrindo nunha porcentaxe elevada traumatismos ou politraumatismos que van desde roturas de osos, amputación de extremidades, invalidez total ou parcial, parálise cerebral ou morte, entre outras consecuencias.

Diversos estudos realizados demostran que os gardarraís provocan máis do 15% das mortes dos accidentes de moto.

Desde a entrada en vigor desta norma ata o día de hoxe as actuacións realizadas nas estradas do municipio de Lalín polas diferentes administracións tanto polo Goberno central, como pola Xunta, como pola Deputación Provincial son máis ben escasas, malia á notable e *in crescendo* afección ao mundo do motor que existe en Lalín e na comarca de Deza e pese a que en vías como a estrada autonómica PO-534 (Lalín-Forcarei) xa houbo que lamentar nos últimos meses varios accidentes de motoristas co nefasto balance de dous mortos e de diversos feridos.

A actitude remisa da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes respecto á implantación destas medidas de seguridade para motoristas está tamén a afectar á construción de novas estradas, como se pode comprobar no vial que está en execución entre Laro e Silleda e que non conta con estas medidas adicionais de protección para mellorar a seguridade dos motoristas en caso de accidente. Citou como exemplos os seguintes que constan na moción con fotografías:

- Estrada PO-534, á altura do Candán, onde faleceu un mozo hai uns meses ao empotrarse contra o gardarraíl. Fotografía tomada o 20/08/08.

- Estrada Laro-Silleda. Neste vial, de nova construción, o 80% dos “quitamedos” non contan con barreiras de seguridade de protección para os motociclistas. Fotografía tomada o 20/08/08.

Doutra banda, o Ministerio de Fomento anunciou un plan nacional de instalación de barreiras especiais en 1.625 quilómetros da rede de estradas do Estado, dos que máis de 170 corresponden á comunidade autónoma galega.

A día de hoxe, ningunha das estradas que discorren polo noso municipio foi obxecto de ningunha actuación de mellora relativa á instalación de medidas de protección para os motoristas por parte do Ministerio de Fomento, a pesar de contar con abundantes treitos perigosos nos que os condutores de vehículos de dúas rodas podería sufrir consecuencias graves en caso de accidente.

En consecuencia, o Pleno **ACORDOU**:

*Solicitar ao Ministerio de Fomento, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Pontevedra a instalación de barreiras de seguridade adaptadas á norma UNE 135900, nas estradas que discorren polo Concello de Lalín, co obxectivo de mellorar a seguridade e reducir as consecuencias de posibles accidentes dos motociclistas.*

## **5.2.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RELATIVA Á APLICACIÓN DAS VALORACIÓNS CATASTRAIS NO TERMO MUNICIPAL.**

A Presidencia deu conta desta moción de 21 de agosto de 2008 con entrada municipal núm. 4971. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 1 de setembro de 2008.

Explicou a moción o seu propoñente o edil delegado de facenda do grupo popular **D. Manuel Gómez Estévez**. Fixo historia do que sucedeu con este tema, das peticións, da reunión en Pontevedra cos responsables da consellería e da xuntanza no Concello á que asistiron os representantes dos grupos políticos municipais mailo responsable das valoracións da Consellería de Economía e Facenda. Na mesma acordouse que o Concello remitiría unha proposta dos valores que a Corporación considerara axustados aos reais en solo de núcleo rural e en solo rústico. Dita proposta trasladóuselle, e ata hoxe, a pesar de varias reiteracións neste senso, a Consellería de Economía e Facenda non cumpriu o que se acordou en dita reunión. Por este motivo reiterase agora o mesmo coa moción.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** indicou que apoiarían a iniciativa. Estaban de acordo en que algúns valores que se aplicaban en Lalín pola Xunta de Galicia eran máis altos que os valores catastrais; non obstante engadiu que o problema agora reduciríase ás fincas que resulten gravadas polo

imposto de transmisións hereditarias, xa que, logo da última reforma deste imposto, a maioría das herdanzas quedarían exentas de pago; pero si subsistiría o problema coas vendas. Finalmente afirmou que noutro extremo do problema estaba o tema das expropiacións que se acometían en Lalín, expedientes nos que os propietarios alegaban maiores valores para recibir máis cartos.

Polo grupo nacionalista **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** amosou tamén a posición favorable do seu grupo a esta iniciativa. Os valores que había en Lalín eran altos, e sostivo que isto sucedía a pesares de que nos valores catastrais realizáronse moitas veces exposicións ao público dos mesmos e diversos trámites e o problema puido detectarse antes e solucionarse. Coidaba que o primeiro a facer era demandar que se apliquen os valores propostos; en canto ao segundo, pediu que se cambiase o término “cedidos”, por “transferidos”.

De novo **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que non era un problema cambiar esta palabra. Sobre as expropiacións indicadas polo grupo socialista salientou que había máis ben poucas en Lalín, e citou que nalgunha parroquia non podía xustificarse de ningún xeito os valores que tiña, como era o caso de Zobra. Reiterou que os valores catastrais estaban ben coas correccións que se propuxeron, e había que acercarse a eles e en todo caso aos propostos polo Concello.

Finalmente o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que o problema no imposto de sucesións era que noutras Comunidades Autónomas estaba suprimido, en concreto, nas que gobernaba o PP, como eran as de Madrid, Murcia, e outras e que non era lóxico que aquí houbera este imposto de sucesións, mentres que en Castela e León non, por exemplo engadiu que non tiña sentido que un veciño do Bierzo non pague, e outro de aquí si cotice. Podía suceder que os empresarios de aquí establezan “chiringuitos” alí para non pagar e que as empresas se trasladen ou se constitúan alá.

Sentiuse aludida por estas verbas **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón**. Preguntoulle ao Sr. Presidente *¿que é o realmente lóxico, que o galego non pague ou que si contribúa o veciño do Bierzo?*

Rematou o debate **D. Xosé Crespo Iglesias** insistindo en que o importante era que todos os cidadáns do Estado pagaran o mesmo, igual polo mesmo imposto. Salientou que o concepto de solo de núcleo rural que só había en Galicia estaba aí; podía comprender que un tipo de Madrid non o entendera, pero en ningún caso se podía xustificar que a xente de aquí non o teña en conta.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, aprobouse por **UNANIMIDADE** a moción, adoptándose o seguinte acordo considerando que:

Desde o 2006 e, en concreto desde o verán dese ano, o Concello de Lalín diante das continuas reclamacións recibidas dos veciños, motivadas polas elevadas valoracións realizadas pola Xunta de Galicia en solo de núcleo rural e en solo rústico de Lalín, a través da Delegación de Economía e Facenda tentou conseguir unha entrevista cos responsables provinciais da Xunta de Galicia.

Logo dun mes de xestións, puido conseguirse dito encontro que tivo lugar cos responsables da Consellería de Economía e Facenda de Pontevedra e á que asistiu o xefe do Servizo de Valoracións da Xunta de Galicia. Na xuntanza expúxose por parte da representación municipal o que sucedía, e acordouse celebrar outra nova reunión en Lalín.

Neste encontro posterior que tivo lugar no mes de novembro de 2006, ao que asistiu dito funcionario, acordouse que o Concello lle remitiría unha proposta de valoracións, parroquia por parroquia e lugar por lugar, cos valores que consideraba que se debían aplicar en Lalín nas vendas e nas distintas operacións mercantís.

O Concello, tras xuntarse cos representantes dos partidos municipais, remitiu dita proposta de valoracións en decembro de 2006 ao mencionado xefe do Servizo de Valoracións.

Diante da falla de resposta a estas peticións e trámites realizados, o Concello volveu reiterar con data de 26 de xullo de 2007 estas peticións. Ao non producirse contestación, reclamouse de novo esta petición no ano 2008 por acordo da Xunta de Goberno Local.

A día de hoxe non hai contestación oficial e tampouco ningún tipo de solución, polo que as valoracións seguen a realizarse por riba do valor real dos inmobles, situación que se agrava hoxe en día máis, tendo en conta a crise económica que se padece.

No mes de xaneiro de 2007, o funcionario encargado das valoracións manifestou en conversación telefónica que realizaría esas novas valoracións, incorporaría os datos nun programa informático e que se enviaría dito programa á Oficina Liquidadora da Xunta de Galicia (Rexistro da Propiedade).

Non obstante, o certo é que seguen a aplicarse en Lalín valores desorbitados para o solo rústico e para o solo de núcleo rural nos impostos indirectos transferidos polo Estado á Xunta de Galicia, como son as transmisións patrimoniais, sucesións, doazóns e outros.

A maiores, coidamos que en solo urbano, a Xunta de Galicia aplica tamén valores por riba do mercado e, por suposto, superiores aos do Catastro, que nalgúns casos poden ser elevados.

Consideramos polo tanto que no solo urbano poden perfectamente aplicarse, nas liquidacións dos impostos indirectos, os valores catastrais vixentes, toda vez que o Concello de Lalín ten actualizados os valores catastrais desde o ano 2003, sendo aprobados polo Ministerio de Economía e Facenda, polo que se desprende que o seu valor é o real.

Por todas estas razóns, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU:**

1.- Reclamar á Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda, e ao Xefe do Servizo de Valoracións, que apliquen os valores en solo de núcleo rural e en solo rústico xa remitidos con anterioridade polo Concello de Lalín a ese departamento autonómico e solicitado en reiteradas ocasións, decembro de 2006, xullo de 2007 e abril de 2008.

2.- Solicitar á Xunta de Galicia que os valores catastrais que están vixentes no solo urbano os aplique tamén nas liquidacións dos impostos indirectos transferidos polo Estado, de transmisións patrimoniais, operacións societarias e actos xurídicos documentados, así como no imposto de Sucesións e Doazóns.

3.- Remitir o presente acordo, ademais das entidades antes indicadas, ao Presidente da Xunta de Galicia, a cada un dos grupos políticos no Parlamento de Galicia e ao Valedor do Pobo en Galicia.

### **5.3.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE A SOLICITUDE DE COMPARECENCIA A PETICIÓN PROPIA DA SRA. CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS.**

A Presidencia deu conta desta petición de 27 de agosto de 2008 e con entrada municipal do mesmo día e núm. de rexistro 5112. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 1 de setembro de 2008.

Brevemente **D<sup>a</sup>. María Paz Perez Asorey**, edil delegada de servizos sociais e sinadora desta solicitude, deu as explicacións convenientes. Indicou que estas foron as xa dadas e coñecidas. Indicou que esta actuación foi froito da pouca experiencia persoal que tiña no cargo, e non o fixo para aproveitarse delo, nin con mala intención. O día 2 de agosto co técnico de servizos sociais, sábado, tendo en conta que había dúas solicitudes de nenos discapacitados, un deles en silla de rodas e outro con dificultades para participar no Campamento en Porto do Son organizado polo Concello, desprazame alí para comprobar persoalmente as instalacións sobre o terreo e ver se podían ou non podían ir. Penseino e tomei a decisión.

Coidaba que non causou unha grave distorsión ao grupo de goberno. Regresei por Sanxenxo xunto á familia. Gardou o coche municipal no seu garaxe, e o seu sacouno, dando varias voltas para poder aparcalo nas rúas inmediatas. Coidaba que con esta actuación, dado que tiña intención de pasar a fin de semana na praia coa súa familia, gañou tempo, porque de non ser así, tería que volver a Lalín e regresar co seu vehículo particular ao dito lugar. Quedouse alí a fin de semana; o luns á mañá regresou ao Concello. "Non dubidei en facer o que fixen", dixo. En todo caso, pediu desculpas, porque non era un método válido o empregado, e cometeu un erro. O domingo á tarde, empregou o vehículo para un uso particular, uns dous quilómetros, ida e volta, para ir á fonte a por auga co seu marido que estaba alí en Sanxenxo.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** pediu que se debaterá esta solicitude xunto coa moción presentada polo seu grupo, porque trataban do mesmo.

O Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, dixo que se debatería conxuntamente a primeira parte da moción presentada polo grupo socialista coa solicitude da edil; e logo, cando se trate a súa moción, falarase unicamente da parte segunda.

No uso da palabra, o voceiro socialista **D. Manuel María González Aller** considerou que esta actuación era un feito moi grave, sobre todo sobre todo pola tranquilidade e pola insensibilidade con que se aceptaba polo grupo de goberno; doutra banda dixo que non cría na falta de experiencia alegada pola edil delegada. Non debía ser así a actuación parece que aterraba a crítica. Era moi grave, dixo, e non é un feito illado, alomenos sospeitamos de que hai moitos outros casos similares . Preguntou:

- 1.- ¿Quere saber se viaxou a Sanxenxo a fin de semana en cuestión levando un vehículo municipal?
- 2.- ¿Quen estaba autorizado a levar (conducir) o vehículo municipal ese día?, e ¿cales foron os motivos desta viaxe?
- 3.- ¿Quere saber os nomes e apelidos do condutor habitual do vehículo?
- 4.- ¿Quen conduce frecuentemente este vehículo? e ¿como se pode explicar que estea moitas veces de noite en Silleda?

Desde o grupo nacionalista **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** expuso a posición do seu grupo. Dixo que as desculpas manifestadas pola edil aludida non lle parecían tales, porque diante dunha mala actuación había que facer unha autocrítica, e adoptar medidas que cambien esa dinámica; iso el non o vía.

Indicou que diante desta moción anunciada do grupo socialista, o PP adiantouse e solicitou a comparecencia.

Destacou a responsabilidade da Concelleira neste tema. Lembrou que xa lle dixeran nun pleno anterior que “había que ter coidado cos seus compañeiros”. Se quería ir a Sanxenxo de viaxe, tiña que facelo no seu vehículo. Non cría as desculpas dadas pola edil, porque tiña suficiente experiencia de traballo, e á vista do labor que fai como edil, non se entendía. “Era hábil traballando, e nós non os creemos a falta de experiencia”, dixo. O sistema de uso do parque de vehículos, e este caso denotaba un grao máis na utilización dos mesmos, había que corríxilo; el mesmo vía como os fins de semana se empregaban para usos particulares os coches municipais, e había que incluír tanto aos edís como aos funcionarios.

Doutra banda era igual de grave que isto ocorra en Sanxenxo a que suceda aquí. Lembrou que o seu grupo presentou unha moción, que fora rexeitada polo goberno con anterioridade para corríxir estas anomalías.

As verbas pronunciadas pola edil eran unha escusa que non compartían. Das mesmas ditas desprendíase que o correcto sería nesa situación empregar o vehículo privado, e non o público.

Preguntou:

- 1.- ¿Por onde volveu co coche desde Sanxenxo a Lalín?, ¿por Silleda?
- 2.- ¿Se regresou o domingo ou o luns?
- 3.- ¿Se houbo só un desprazamento en Sanxenxo no vehículo municipal para ir a unha fonte a por auga, ou houbo algunha viaxe ou uso máis?.
- 4.-¿En canto cuantifica o gasto polo uso do coche esa fin de semana?
- 5.-¿Se ese coche se utiliza a nivel persoal noutras ocasións?

Respostas de **D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey**:

Agradeceu a felicitación dada polo edil do BNG.

- 1- Para vir desde Sanxenxo a Lalín ese luns á mañá vin pola estrada da Estrada-Silleda-Lalín
- 2- Como sucede nas empresas, están autorizadas para conducir estes vehículos municipais aquelas persoas vinculadas aos servizos sociais, é dicir todo o persoal, segundo as circunstancias.

O **Sr. Manuel María González Aller**, dixo que faltaba algunha resposta ás súas preguntas.

De seguido **D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey** engadiu as seguintes respostas:

- 1.- Utilizo o coche para a actividade pública; o coche particular meu o emprego en aspectos privados e en moitas ocasións para cuestións de traballo.
- 2.- Ese día para ir a por auga á fonte acompañoume o meu marido.
- 4.- Non o sabe, pero estima que non sería moito.
- 5.-Sobre o tema das noites que o coche estaba en Silleda.....Quedou sen contestar.

Cortou estas verbas o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, quen dixo dar por rematada esta intervención. Indicou que estaba indo demasiado lonxe esta comparecencia. El quería destacar a nobreza innegable da edil María Paz Pérez

Asorey, e o seu respecto pola legalidade e honestidade política. A política que estabamos a presenciar era “carroñeira”. Era unha boa concelleira, brillante. Criticou que o PSOE estivo trinta anos no poder e practicou unha política caciquil, e tamén por suposto na área de servizos sociais. Atacan non as causas senón ás persoas, a xestión non foi atacada, acude a plantexamentos e temas persoais. Isto era o que facía a oposición. A concelleira non actuou ben, perdeu a mañá do sábado por realizar un acto de traballo, quitándolle tempo de estar coa súa familia, e o pasou en Sanxenxo. A política é sacrificada, e conleva bastantes sacrificios familiares. Actuou incorrectamente, pero este feito era unha anécdota e non era para tanto. Si ven aquí de novo deixa o coche e colle o seu vehículo, chegaría de noite.

Indicou que o Sr. Méndez Romeu veu no coche oficial e logo foi á sede do PSOE. Isto facíano todos os políticos. Era un feito entendible e humano ao mesmo tempo. Reiterou que era honesta, e coidaba que o importante era que non fallou a xestión nesa área. Non tiña sentido regresar no coche oficial, e logo marchar co seu coche, porque perdería todo o sábado, chegaría á noite.

E con estas verbas e intervencións deuse por rematada dita comparecencia e solicitude de comparecencia da edil delegada de servizos sociais e da primeira parte da moción do grupo socialista.

#### **5.4.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RELATIVA Á EXTENSIÓN AO CONCELLO DE LALÍN DA UNIDADE DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO (HADO) DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CHUS).**

A Presidencia deu conta desta moción de 27 de agosto de 2008 con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro de entrada 5110. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 1 de setembro de 2008.

*Sendo as 11, 40 horas saíron da sesión D. José Antonio González González e D. Xosé Crespo Iglesias, quedando como titular da Presidencia D. Camilo González Bodaño. Quedan 11, 5 e 3 respectivamente o PP, PSdeG-PSOE e BNG con dezanove o número total de asistentes á sesión.*

No debate da moción, a súa propoñente e edil delegada de saúde, **D<sup>a</sup>. Pilar López Carrón** indicou en primeiro lugar que este tema xa se tratara noutra sesión plenaria; a pesares de todo e como non houbo resposta, presentábase de novo. Producíronse novidades desde aquela. En concreto citou que o “Servizo Vasco de Salud” tiña previsto estender o sistema HADO a toda a Comunidade Autónoma do País Vasco, incluídos os hospitais comarcais e ambulatorios ao longo do ano 2009, para ter cuberta a toda a poboación. Outro tanto sucedía na Comunidade Autónoma de Murcia, na que estaba previsto que a poboación nun cento por cento contara con este servizo este ano. As tendencias en Europa e en España ían nesta dirección. ~~Desde aquela moción houbo novidades. Así destacou que o Servizo Vasco tiña proxectado ampliar e levar o sistema Hado a toda a Comunidade Autónoma do País Vasco, aos hospitais comarcais e ambulatorios no ano 2009t~~

A implantación deste servizo tiña todas as vantaxas, porque supuña ter máis atendidos e con maiores coidados aos pacientes, os cales estarían en contacto por sistema de telefonía móbil, e con réxime de visitas. O servizo funcionaba os trescentos sesenta e cinco días ao ano, en horario de mañá e tarde. Tiña como obxectivo conseguir un maior benestar nos doentes. Seguiu falando, e afirmou que no hospital Juan Canalejo da Coruña o 98% dos tratamentos dábanse nos domicilios dos doentes,

reducíanse con elo ao mínimo os custes, conlevaba unha mellor xestión das camas hospitalarias, e por iso o traía á sesión, para lograr o apoio de todos. Reiterou finalmente que o proposto supón melloras sanitarias beneficiosas para a poboación de Lalín, en especial cos tratamentos de sedación, enfermos terminais, transfusións, eles eran expertos nisto.

*Neste intre abandonou a sesión D. Francisco Pérez Donsión, quedando os grupos municipais do PP, Psde G-PSOE e BNG con 11, 4 e 3 respectivamente e co número total de asistentes en 18.*

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** indicou que este tema xa estaba debatido. Non estamos de acordo e os motivos son os mesmos xa dados. O HADO depende do hospital e non había que mesturar as unidades de cuidados paliativos, coa asistencia a enfermos crónicos con este servizo. O límite que actualmente tiña este servizo HADO que dependía do CHUS era de 25 qm, como radio de acción, e estaba composto de 3 médicos e 5 enfermeiras. Si se amplía ao radio de acción habería que ampliar o persoal. Habería parroquias como a de Lebozán na que se perdería o día enteiro por asistir a un posible enfermo de Lalín. Polo tanto había que clarificar esa confusión deste servizo coas unidades que trataban aos enfermos crónicos e paliativos. O noventa por cento da poboación de Galicia non conta con este servizo. Había varios problemas que non se explicaban, como eran os dos enfermos postquirúrxicos que seguen os cuidados ata a próxima revisión. Outro problema era o dos paliativos e crónicos, tema nos que os médicos que atenden os primeiros serían os encargados.

Finalizou afirmando que o tema de fondo era outro. Había que partir dunha política sanitaria de planificación en Galicia, que ata agora non se fixo, e que se tentaba facer agora, cos plans e programas dos hospitais. Había un plan do CHUS que estaba a punto de finalizar.

No servizo proposto, ao mellor o servizo tiña que ampliarse en 10 ou 20 o número de persoas a traballar no servizo e aínda así, habería lugares de Lalín que estarían a unha hora de viaxe de Santiago. A moción era pedir por pedir en suma.

Desde o BNG, **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** indicou que non entendía que había tres meses se presentara unha moción, se debatera no pleno, e agora outra vez de novo había que debater o mesmo. Eles como grupo político remitíanse a esa data, aos datos e a súa postura exposta nesa sesión.

Sobre as verbas pronunciadas pola edil popular, adiantou que tanto o País Vasco coma a comunidade de Murcia non teñen nada que ver con Galicia sobre a asistencia e coa situación sanitaria.

Referiuse á exposición de motivos para indicar que a eficiencia que debía rexer na asistencia sanitaria non estaba garantida. Nun proceso de cambio para o futuro non é lóxico pedir agora, haberá que esperar.

*Sendo as 11,58 horas incorporouse á sesión D. Xosé Crespo Iglesias, quedando como titular da Presidencia, e con 12, 4 e 3 concelleiros os grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE e BNG e o número total de asistentes en dezanove.*

Engadiu que resultaba imposible que o equipo do *HADO* actuara tal e como estaba agora dun xeito eficaz e eficiente, se desplazara e prestara o mesmo servizo a máis de 25 qm do CHUS. Leu os motivos da moción. Afirmou que era imposible prestar este servizo cos actuais medios. Nas condicións actuais coidaba que o servizo non sería eficiente. Non sabe si sería eficaz. Dixo que agora tiña as mesmas dúbidas que antes. A moción que agora se debate introduce un cambio sobre a anterior, porque antes o *HADO* dependería do Ambulatorio de Lalín, e agora non, senón do CHUS de Santiago. Podería darse o caso de que o doente empeorara, porque se perdería moito tempo no camiño. Unha cousa é o *HADO* e outras cousas son os cuidados paliativos. Rematou indicando que tiña a sensación de que a edil "Pilar

López Carrón” asistiu a algún Congreso, e disto sacou a moción. Absteríanse como fixeron antes.

*Sendo as 12,03 horas incorporouse á sesión D. Francisco Pérez Donsión, quedando os grupos municipais con 12, 5 e 3 o grupo PP, PSdeG-PSOE e BNG e con vinte o número total de asistentes.*

De novo no uso da palabra **D<sup>a</sup>. Pilar López Carrón** dixo non entender que estivera a oposición en contra, cando este servizo solicitado na moción era beneficioso. Afirmou: “non digades que non é viable, porque non é certo”. O HADO pode ampliarse e dependería de Santiago do CHUS e atende a enfermos paliativos e a enfermos crónicos. A moción presentouse cun estudo rigoroso. Agora se pide que non dependa de aquí, senón don CHUS. O servizo si é eficaz e eficiente, e se pode facer durante os trescentos sesenta e cinco días, pola mañá e pola tarde. A moción non é retrógrada e non ía con retraso esta petición, senón que é unha proposta realizable. Non entende que a oposición divague tanto sobre este tema e non a apoie.

Preguntou **D. Manuel María González Aller** o seguinte: se hai un estudo serio xa feito como dixo a edil delegada: *¿canto persoal se precisa para estende-lo Hado a Lalín?*

Contestou **D<sup>a</sup>. Pilar López Carrón** no sentido que o HADO atendía a uns cincocentos pacientes o ano, e conta actualmente con tres médicos e cinco enfermeiras. Non o sabía con exactitude pero coidaba que podía incrementarse nun médico e dúas enfermeiras.

No uso da palabra, **D. Manuel María González Aller** dixo que actualmente o radio de acción do HADO era de 25 quilómetros. Alongar este radio non estaba contemplado. O lóxico era esperar a rematar a redacción do plan funcional do CHUS e logo ver o que se podía solicitar para Lalín. Había que planificar, e ver o que era lóxico, o que non se fixo antes e si agora, e logo criticar no seu caso, pero unha vez que estea aberto e en funcionamento. O centro de Alta Resolución que era a súa aposta estaba aí, e contaría co persoal necesario, e estaría coordinado por especialistas. “Os HADOS non suprimen os ingresos de enfermos, pero si os reducen”, afirmou. De todos modos entendía que había que ver o comezo dos CEAR. En suma, entendía que o HADO para Lalín non estaban contemplado no actual deseño sanitario, que non resultaría eficiente nin eficaz a súa implantación a Lalín, e eles si apostaban en cambio polo Centro de Alta Resolución. Sobre este aspecto, adiantou que este mes de setembro habería novidades, e posiblemente habería unha petición de terreos ao Concello de Lalín para dito construír dito centro da Consellería de Sanidade.

Houbo de seguido un debate ente **o Sr. Crespo Iglesias e o Sr. González Aller** sobre a xestión sanitaria do goberno bipartito da Xunta de Galicia. Dixo que o P.P. estivo dezaseis anos no goberno da Xunta de Galicia e fixo o que se pode ver, e pediulle a dito edil que lle dixera nos catro anos aproximadamente que levaba o actual goberno na Xunta de Galicia os logros sanitarios conseguidos para a comarca de Deza. Segundo el, estes eran cero, nada de nada.

E sobre os terreos que ían pedir dixo que esperaba que a petición se fixera con prazos explicando que é o CEAR, e que tamén co compromiso de construílo con cargo ao presuposto do ano 2009 da Xunta de Galicia.

Contestou **D. Manuel María González Aller** ás anteriores verbas no sentido de que os logros sanitarios conseguidos nestes catro anos no Deza estaban aí: a radioloxía dixital, a praza de asistente social, a cobertura da praza de matrona cunha

persoa nova, e a implantación do Sintrón dixital, ademais das máis de mil prazas de médicos creadas pola Xunta de Galicia para toda Galicia.

Houbo unhas verbas do **Sr. Alcalde** sobre este tema, no sentido de que a praza de matrona non debía computarse como tal, porque era o procedemento normal, cubrir as prazas vacantes.

Desde o BNG, na segunda intervención **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** dixo que ela era a primeira interesada en que funcione o Hado para Lalín. Tamén afirmou que ela non divagaba cando falaba sobre este tema, pero que tiña dúbidas sobre este a implantación deste servizo que non lle desapareceron tras escoitar á edil proponente.

Finalmente indicou que esperaba que a concelleira delegada e o seu grupo político estiveran máis centrados en que a atención primaria arranque de verdade e funcione, antes que en implantar este servizo. Aquilo debía ser prioritario.

Rematou o debate **D<sup>a</sup>. Pilar López Carrón** quen denotou unha falta de sensibilidade da oposición. Dixo que ela estaba motivada no seu traballo. E tamén estaba interesada en aclarar que a atención dos doentes con coidados paliativos era do HADO e non de Atención Primaria. Os HADO xa levaban moito tempo funcionando e podía tamén prestarse en Lalín.

**D. Xosé Crespo Iglesias** pedíalle que lle nomeara un CEAR que funcionara hoxe.

**D. Manuel María González Aller** dixo que non había aínda ningún aberto, que estaba a punto de rematar o estudo destes centros, e que o PP. non fixo nada en vinte e catro anos, e non podía dicir moito neste eido da sanidade.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* doce (12) do PP.

*Votos en contra:* oito (8) dos que cinco (5) foron do PSOE e tres (3) do BNG.

*Abstencións:* unha (1) a de D. José Antonio González González.

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción, con base nos seguintes antecedentes:

É un feito constatable o proceso de envellecemento progresivo da poboación, que ten como consecuencia directa un incremento notable das enfermidades crónicas e un maior índice de supervivencia nas enfermidades oncolóxicas, circunstancias que fan que cada vez exista un maior número de pacientes complexos que necesitan dun elevado consumo de recursos sanitarios. Esta situación motiva que a administración sanitaria estea inmersa nun proceso de definición e aplicación de novas fórmulas de prestación asistencial destinadas a mellorar a atención dos pacientes e a asegurar unha máis eficiente utilización dos recursos públicos destinados a este fin.

Neste sentido unha das propostas que xurdiu como alternativa á hospitalización convencional é a hospitalización a domicilio consistente nun conxunto de tratamentos e coidados sanitarios proporcionados ao paciente no seu propio fogar. Este servizo serve, en consecuencia, para mellorar a calidade asistencial do enfermo, conseguindo que reciban os oportunos tratamentos no seu domicilio, co conseguinte descenso na ocupación de camas no propio hospital de referencia.

Este sistema de hospitalización presenta numerosas vantaxes fronte á hospitalización convencional, o que xustifica a súa implantación e extensión por todo o

territorio galego. En concreto, as melloras afectan tanto ao paciente como á súa familia, á institución hospitalaria, ao servizo de atención primaria, á educación sanitaria e ao sistema sanitario no seu conxunto.

A mellora da calidade de vida é o principal beneficio para o paciente e a súa familia. O enfermo ingresado en hospitalización a domicilio continúa recibindo a mesma atención sanitaria que recibiría nun hospital pero goza dunha maior comodidade no seu propio fogar. Ademais a non desvinculación do seu contorno familiar fai que os seus parentes teñan unha maior e máis efectiva implicación no proceso da enfermidade.

O pasado mes de maio, ao fío do debate sobre a necesidade de introducir melloras no sistema sanitario no Concello de Lalín, o grupo de goberno propoñía unha iniciativa consistente na creación dunha unidade básica de Hospitalización a Domicilio (HADO) en Lalín co obxectivo de asistir aos enfermos que, voluntariamente e previa autorización do especialista, demandasen recibir o tratamento no seu propio domicilio, evitando deste xeito ter que moverse do seu entorno familiar. Novos datos proban que este modelo de hospitalización, cuxa primeira experiencia se levou a cabo no ano 1947 no hospital Montefiore de Nova Iorque e cuxos inicios en España se remontan ao ano 1981 no Hospital Provincial de Madrid, se está a configurar como unha alternativa innovadora, pero de probada eficacia fronte á hospitalización convencional en todo o territorio nacional e mesmo galego.

Así corrobóranos o feito de que o Servizo Vasco de Saúde estendera este ano a hospitalización a domicilio aos hospitais comarcais e aos ambulatorios desta comunidade autónoma. En Galicia, a maioría dos hospitais tamén contan con unidades de hospitalización a domicilio. Concretamente, o Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), a quen está adscrito a área sanitaria de Lalín, vén prestando desde hai algo máis dunha década este servizo, segundo datos facilitados pola propia supervisora da HADO, *D<sup>a</sup>. Dolores Bahamonde*.

Tres médicos e cinco enfermeiras do citado hospital asisten a unha media de cincocentos pacientes cada ano que sobrelevan a súa convalecencia no entorno familiar, aínda que o número de usuarios vai en aumento, xa que no primeiro semestre do ano rexistráronse 480 demandantes deste servizo. En toda Galicia o número de usuarios destas unidades son máis de 4.000.

Desde a propia unidade do HADO do CHUS subliñan a necesidade de que esta modalidade se debería potenciar moito máis, posto que resolve dunha forma eficiente as necesidades dun grupo cada vez maior de persoas sen que teñan que moverse das súas casas e, consecuentemente, das súas familias. Trátase na súa maioría de pacientes de idade avanzada, en fase terminal ou en cuidados paliativos, enfermos oncolóxicos ou con doenzas dexenerativas.

O equipo mantense operativo os 365 días do ano e actúa nun radio de 25 km<sup>2</sup> en torno ao hospital, un límite un tanto discrecional, ao descoñecerse en base a que parámetros ou criterios foi fixado. Entendemos cando menos que a prestación do devandito servizo debe ampliarse ao conxunto de localidades que están adscritas ao CHUS, evitando así un claro agravio comparativo entre concellos.

Deste xeito o Concello de Lalín pasaría a ser beneficiario dun servizo que axudaría a reducir custos e a racionalizar os recursos da sanidade pública, ao mesmo tempo que posibilitaría que os residentes no municipio de Lalín dispuxesen dunha atención sanitaria axeitada. Por este motivo é preciso que a Consellería de Sanidade conceda a ampliación da unidade de HADO do CHUS a Lalín, tendo en conta a

estratéxica localización deste Concello no centro de Galicia, e que contemple así mesmo a extensión do servizo a todas as localidades cuxas áreas sanitarias estean adscritas ao CHUS.

En consecuencia, o Pleno da Corporación **ACORDOU:**

Solicitar á Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia, que amplíe o radio de acción da unidade de Hospitalización a Domicilio (HADO) dependente do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), de xeito que este servizo se faga extensivo ao Concello de Lalín.

## **6.-MOCIÓNS DO PSdG-PSOE.**

### **6.1.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE RELATIVA Á COMPARECENCIA DA SRA. CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS E A IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE CONTROL DOS VEHÍCULOS MUNICIPAIS.**

A Presidencia deu conta desta moción de 26 de agosto de 2008 con núm. de rexistro de entrada 5093. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 1 de setembro de 2008.

Na rolda de voceiros, **D. Manuel María González Aller**, do grupo socialista e propoñente da moción, explicou que as veces se facían as cousas mal, que son criticables. Non había xustificación o feito de empregar un vehículo oficial municipal nunha estancia vacacional, e que supuña un feito grave, non xa prevaricación que non opinaba. Non cría as verbas escoitadas de falta de experiencia alegadas pola edil comparecente. Con todo, a el o que máis lle preocupaba era, ademais dos feitos en si, a normalidade e a aceptación con que o grupo de goberno vía os feitos, que supuña unha forma de xustificación dunha política caciquil. Sobre esta segunda parte da moción, na que se pedía levar un control e un seguimento no uso dos vehículos municipais, sostivo que este caso non era un caso illado, senón frecuente, ver vehículos municipais que son propiedade de todos, usados en asuntos ou en horas que non son de traballo. Que o pague o que o use.

Tamén apoiábase esta petición polo grupo nacionalista. **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** que diante de casos como este, había que pedir que se adoptaran medidas. Dixo que o seu grupo pediu isto hai un ano, e o goberno municipal rexeitou a petición. Eran partidarios de controlar o uso dos vehículos municipais por parte dos edís e tamén dos funcionarios e persoal que traballaba para o Concello. O sistema non é único aquí en Lalín, senón que existían noutros moitos Concellos. Era normal ver nos fins de semana como se empregaban estes vehículos para usos e cousas alleas ao Concello e ao seu traballo. Esta anormalidade era contraria á filosofía que o seu grupo defendía do uso dos bens públicos. Como grupo daban por zanzado este feito, pero salientou que esperaban que sirva para algo e que non se repita no futuro. Finalmente dixo que as desculpas da edil non eran sinceras; porque se así fora, dixo, tentarían corrixir e poñer remedio a estas situacións, o que non se fai.

Finalmente o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, deu por suficientemente debatido este tema. Sostivo que non dilapidaban nada, e sinalou que este caso non revestía a importancia que lle daba a oposición, porque era unha anécdota máis e que se sacou de lugar pola oposición. A edil aludida empregou de volta na visita ao campamento o vehículo municipal; isto era o que en xeral facían os políticos. Engadiu que el mesmo as veces ía a Santiago e de volta acudía ao hospital, para non vir de novo aquí, coller o seu coche privado e acudir a dito lugar. Citou como exemplos tamén o do Sr. Conselleiro da Presidencia, **Sr. Méndez Romeu** e o de Conselleiro de

Medio Ambiente, Sr. *Pachi Vázquez*, e reiterou que este modo de actuar era unha práctica usual entre a clase política. Non se ía expresamente e aproveitábase a ocasión para elo, porque de non ser así, sería case imposible desempeñar unha actividade política e institucional e compaxinala coa súa vida privada.

Por alusións **D. Manuel María González Aller e D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao** indicaron que eses nos dous exemplos non sucederon os feitos así: no caso do Sr. Conselleiro de Medio Ambiente foron andando; sobre o Sr. Conselleiro da Presidencia dixo que deixou o coche no Regueiriño e foi andando ata a sede socialista.

*Na moción pedíase a implantación e a posta en marcha dun sistema de control de flotas dos vehículos municipais nun prazo non superior a seis meses.*

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (8) dos que cinco (5) foron do PSOE e tres (3) do BNG

Votos en contra: doce (12) do PP

Abstencións: ningunha

En consecuencia, **REXEITOUSE** dita moción.

## **6.2.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE SOBRE A REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DO PAZO DE LIÑARES.**

A Presidencia deu conta desta moción de 26 de agosto de 2008, entrada municipal do día 27 e con núm. de rexistro de entrada 5100. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Formación Social e Cultura do día 1 de setembro de 2008.

*Sendo as 12, 28 horas incorporouse de novo á sesión D. José Antonio González González quedando o número de asistentes por grupos en trece, cinco e tres e o número total en vinteún.*

Na exposición e defensa da moción **D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias** do grupo socialista indicou que a moción referíase a dúas partes, unha vez que xa estaba efectuada a limpeza do lugar onde se ubica o Pazo de Liñares, quedaba pedir unicamente a realización das obras de restauración e mantemento. E pouco máis había que dicir sobre este ben inmovible, que destacar que trala súa adquisición polo Concello, atopábase en situación de abandono.

Por parte da formación nacionalista **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** amosouse de acordo coa petición do expediente. Indicou que este ben era dun valor patrimonial importante para este Concello que había que conservar, xa que se non fora así o importe de adquisición sería un gasto inutilmente realizado, froito da actuación por unha administración que o deixa nun estado lamentable.

Non participaba da mesma opinión o grupo popular. **D. Román Rodríguez González** dixo que o PP neste tema non foi senón realista. Preguntoulle ás voceiras que lle precederon e en xeral á oposición política: ¿cantos metros cadrados ten o Pazo de Liñares?

Indicou que houbo unha visita do Ministro de Cultura, Sr. *César Antonio Molina* a este lugar. O Concello no ano 2002 comprouno. Despois pediuse e remitiuse un anteproxecto para que fora restaurado este inmovible con cargo ao 1% do presuposto do TAV, que hoxe estaba aínda pendente, e finalmente estaba solicitada a cualificación deste ben como ben de interese cultural (Bic). Por elo, sinalou que o que

primeiro había que facer era reclamar que a Consellería de Cultura e Deporte abra o expediente para declarar como Bic dito ben. Nisto afirmou que se ben o PSOE non era un experto en facer cousas, si podía botar unha man e non facer unha simple declaración de intencións.

“Eu non falei do proxecto”, dixo **D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias**: “nós non podemos presentar un proxecto que nin sequera coñecemos; pedímolos e levamos un ano esperando a proposta”. Sabemos que “as cousas de palacio, van despazo”, hai que dar tempo.

De novo, **D. Román Rodríguez González** reiterou que desde o ano 2002 en que se adquiriu o Pazo de Liñares, tamén se podía dotar cunha partida para isto. Lembrou finalmente que hai un ano que se pediu a incorporación deste ben como Bic e non se fixo, algo que denotaba que a Consellería de Cultura e Deporte non estaba a facer os seus deberes.

Tamén participou deste debate o máximo mandatario. **D. Xosé Crespo Iglesias** indicoulle á voceira socialista que podía ver o anteprojecto cando quixera, porque estaba no Concello. Afirmou que veu o Ministro aquí, *Sr. César Antonio Molina*, aos actos do Centenario do Pintor Laxeiro e os socialistas lle entregaron un proxecto de obras a dito ministro e coñece xa este lugar. Pedíulle ao PSOE que se ben non lles pedía axuda para conseguir o destino do 1%, nin a declaración do ben como Bic, pero si lles pedía que non puxeran tachaduras no camiño. Incitou ao grupo socialista a traballar para conseguir financiamento para a restauración facendo un proxecto ou outro, o do PP ou o seu.

Quería saber **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** o que se debatía realmente. En concreto se as obras que pedían eran as do proxecto que segundo se dixo se presentara polo grupo socialista ou as do anteprojecto remitido para ben de interese cultural, que ela xa aceptaba por anticipado, para restauralo que era o fin que se buscaba.

Para clarificar este aspecto, sobre que proxecto se presentou ou non se pediu, **D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias** afirmou que eles non presentaron ni pediron ao Ministro de Cultura ningún anteprojecto ou proxecto de obras, como xa afirmou antes, porque non o coñecemos, senón que lle presentaron un plan de usos do dito Pazo de Liñares, nada máis. E querían saber, tanto ela como *o Sr. González Aller*, quen correría co gasto das obras.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que non parecía lóxico que as obras e financiación as fixera o Concello, senón a propia Consellería ou o Ministerio, porque para elo se pedía.

Afirmou que estaba disposto a “firmar” un convenio mañá mesmo co Ministro de Cultura para que mediante a restauración do Pazo de Liñares se dedicara a Museo dos Pazos ou a outros fins; “mañá mesmo”, dixo, pero sempre que o grupo socialista conseguira cartos para as obras de restauración.

Lembrou que na visita deste ministro a Lalín el non o anunciou ata ter o documento de confirmación da mesma, un fax, por escrito, a pesar de que a Secretaria de dito cargo lle pareceu moito pedir; pero insistiu en que non o anunciou para que non houbera volta atrás e puidese ser cancelada a visita. Finalmente pediu ao voceiro socialista que o lóxico sería que **o Sr. González Aller**, chamara ao *Sr. Antón Louro*, ao que se lle chamou segundo el noutras ocasións para anular algunha entrevista noutro tema, para que veña tamén, e xuntos os tres poden realizar as xestións necesarias e conseguir axuda económica para a reparación do Pazo de Liñares.

Falou o **Sr. González Aller** por alusións. Afirmou estar disposto a acceder ao que pedía o *Sr. Alcalde*, se ben antes tiña que explicarlle o que se quería realmente e o estado do expediente.

Rematou o debate **D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias** quen dixo que a limpeza xa estaba feita e polo tanto a moción referíase as obras de mantemento e conservación. Considerou aclarado xa o tema do proxecto e o plan de usos.

*Na moción pedíase que se acometan obras urxentes no Pazo de Liñares para unha reparación básica do tellado de cara ao próximo inverno e que se proceda á limpeza de maleza nos muros da edificación e dos xardíns; en segundo lugar que se redacte e poña en marcha un Plan de Conservación ata o arranxo definitivo.*

Sometida a moción a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (8) dos que cinco (5) foron do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG

Votos en contra: trece (13) do PP

Abstencións: ningunha

En consecuencia, **REXEITOUSE** dita moción.

## **7.- MOCIÓNS DO BNG.**

### **7.1.- MOCIÓN DO BNG RECLAMANDO A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO COLEXIO PÚBLICO NA ZONA OESTE DE LALÍN.-**

A Presidencia deu conta desta moción de 20 de agosto de 2008 con número de rexistro de entrada 4959. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 1 de setembro de 2008.

*Sendo as 12:46 abandonou a sesión o Sr. Alcalde, quedando o grupo de goberno con doce edís, cinco e tres, e con vinte o número total de asistentes á sesión, preside a mesma D. Camilo González Bodaño.*

Na explicación da moción, **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** do BNG indicou que se ben a moción se presentou o día vinte de agosto, hoxe varios días máis tarde, era máis necesario que antes contar co centro que se pedía na mesma. Aludiu ás declaracións adversas aparecidas na prensa nos días posteriores á súa presentación. Afirmou que a moción non se presentaba porque ela fora profesora, senón que na formación nacionalista había persoas de todas as profesións e porque estaba na liña do seu grupo. Coa petición formulada non pretendían prexudicar a ningún sector da poboación, e menos ao rural. Dixer isto, como se dixo na prensa “*era mesturar churras con merinas*”.

Engadiu que a actuación no eido da educación en zonas de influencia era unha decisión política. Preguntábase se os alumnos das zonas distanciadas urbanas e a medio camiño co rural van a ir a centros de ensino no rural como o de Vilatuxe; había que contestar que eles non querían que desaparezan os centros docentes rurais. Pero ó mesmo tempo había que sinalar que non se pode obrigar aos rapaces a ir a determinados centros, porque había liberdade de elección. Se ben o número de alumnos era de vinte e cinco por aula hoxe, consideraban que a calidade do ensino para os alumnos sería mellor se se reducira a vinte ou mesmo ata dezoito que sería o ideal. Consideraban que a moción e o que se pedía era necesario. Estaban

asombrados da cantidade de solicitudes de matrículas que había no seu centro, o colexio Manuel Rivero, que era impresionante, e no que non podían matricularse máis alumnos por non haberen prazas vacantes para eles. Preguntou: *¿Que se fai entón con eles? ¿Mandámoslles fora, a un centro privado ou á casa?*

Por isto, porque había que dar solución a este problema, propuñan a construción dun novo colexio, un terceiro colexio na parte urbana considerada baixa e oeste de Lalín, xa que todos os que actualmente había, estaban na zona alta.

Desde o grupo socialista a explicación da súa postura correu a cargo de **D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao**. Dixo que o tema da moción era eminentemente político. Na mesma, trala exposición de motivos, pedíase a construción dun centro de educación novo, dun terceiro colexio no casco urbano, “por localización e por ineficiencia dos actuais tal e como se dicía na exposición de motivos”. Esta moción segundo ela, viña na liña de traballo do BNG. Ó seu xuízo era unha proposta demagóxica e fora de lugar. En primeiro lugar porque non había unha demanda real de alumnos para elo. Os datos da poboación do rural que ela veu e dos nacementos habidos desde o ano 1978 amosaban que a poboación en idade escolar deste municipio caeron en picado desde aquela. En xeral, podía dicirse que baixou o alumnado case á metade. Nin sequera os datos da poboación do Concello xustifican esa petición, xa que desde o ano 1996 están estabilizados por enriba dos vinte mil habitantes. Preguntou: *¿Que argumento consistente xustifica crear ese centro?*

Os centros docentes do rural estaban funcionando cos alumnos mínimos, e con risco real de desaparición. Coa medida proposta, a moción non denotaba ningunha aposta polo rural. Hai centros cubertos coa metade do alumnado de prazas existentes, precisou. Se se constrúe precisamente este novo colexio. *¿que se vai facer coas infraestruturas existentes e co persoal que traballa nos centros do rural?, e ¿cal vai ser o destino dese persoal?*. A moción coa localización apuntada, parecía mais ben un capricho persoal, porque os centros educativos non son de “quita e pon”, e hai que estudar, valorar e tomar as decisións tendo en conta todos os aspectos en xogo. Se se acordara esta medida, *¿que se vai facer cos centros de Cercio, Vilatuxe, e Prado?*. Se queremos apostar polo rural, hai que dicir non á moción.

“Os alumnos do Espiño poden ir igual a Prado que a Lalín, os de Soutolongo igual a Lalín que a Vilatuxe”, sinalou. Falando de equipamento, sostivo que a calidade do ensino era igual ou mellor no rural que aquí.

Tamén había que lembrar que en Lalín había un comedor escolar gratuíto no Colexio Manuel Rivero que se creou hai pouco, que noutros concellos como A Estrada onde non había ou en Pontevedra os pais tiñan que pagar unha cantidade.

Atendendo ó cadro de vacantes en xuño, habería un centro baleiro en Lalín. Había que dicir tamén que en Lalín había un centro concertado traballando, o colexio Sagrado Corazón, con prazas públicas e sostido con fondos públicos. Lembrou que no curso pasado non quedou ningún alumno sen escolarizar en Lalín, e se non fora así, que se lle dixerá un caso. Finalmente preguntou: *¿queremos acabar co rural e o PP tamén?* Pediu facer un exercicio de responsabilidade neste tema.

Desde o grupo popular **D. Román Rodríguez González** dixo que a moción destacaba o protagonismo do BNG neste tema. O debate non era razoable, e os argumentos da voceira socialista non se sostiñan por si sós. En principio o que había que atender era a demanda de persoas, dos alumnos que había; se había cambio na demanda había que dar solución á mesma. Pártese de que hai unha redistribución das prazas, motivada polos cambios dos alumnos, e isto debía ir acompañado dunha redistribución nos equipamentos e nos centros. A realidade era que hoxe os alumnos aínda que foran os mesmos que hai anos en número, pasaban máis tempo nos colexios que antes e tamén máis anos. Se antes estaban no colexio ata os 13 anos, agora chegaban ata os 16 anos. Ademais pasaban máis horas lectivas nos centros que antes.

Non vía fácil cambiar a tendencia actual, de acudir á zona urbana, porque hoxe hai liberdade á hora de elixir o centro. Cuestionou que os alumnos de zonas limítrofes cercanas ao casco urbano, como Soutolongo, Filgueira, Botos, Goiás ou Sello, queiran acudir aos centros rurais de Cercio, Prado ou de Vilatuxe. O lóxico era que a Consellería lles dixera que non veñan aquí, que vaian aos centros do rural, enviándolles unha carta aos veciños, a pesar da impopularidade da medida.

Apoiarían a moción, vista a resposta e a política que levaba a cabo a Delegación da Consellería de Educación e O.U. de “nada para Lalín”, que era parte da súa estratexia política. O novo colexio podía ubicarse en varios sitios, e o mellor sería onde o Concello dispuña de terreos, como eran o SUE-3 ou na zona de Carragoso. Non obstante non estaba optimista, porque dixo que existía unha dinámica de denegar o que se pedía para Lalín.

Na segunda rolda de intervencións **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude**, indicou que a voceira socialista falaba politicamente, pero coidaba que, se a Consellería de Educación e O.U. non fora do PSOE, non diría o que dixo e non se opoñería á moción. Ela coñece as necesidades e a masificación existente nas aulas, porque estivo varios anos na Anpa dun centro e sabe o que é pedir e reclamar. Dende hai uns anos hai máis alumnos e antes as aulas contaban con corenta alumnos. Agora hai menos. Coidaba que o argumento dado pola voceira socialista non era válido porque de aplicalo tamén podía pedirse que en Lalín non se constrúa porque hai despoboación no rural.

En realidade os responsables da Consellería non queren cerrar os centros docentes no rural, pero tampouco non poden obrigar aos alumnos a acudir a uns centros determinados. Se a Consellería quere que se faga así, que se diga, que sexa valente e que adscriba aos alumnos de tal zona a tal sitio ou a tal centro. A decisión era política e compete á Consellería de Educación e O.U. Hai necesidades aquí, na zona urbana, e dende logo non é a solución que se despracen ao rural. A xente vai ao colexio Manuel Rivero e non hai máis prazas, non admitíndose máis matrículas. Preguntou a **D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao**: *¿a que outro sitio van?*

O colexio Xesús Golmar estaba a tope e superou as previsións de matrícula; por elo os alumnos teñen que ir ó colexio concertado existente. Rematou afirmando que eles apostan polo ensino público, e non polos centros privados, aínda que sexan concertados.

De novo **D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao** reiterou o xa dito. Se o debate é que está a aumentar a demanda dos alumnos, propónse que se baixe a ratio a 20 ou a 18, pero mellor sería a 15 alumnos. Preguntou *¿que facemos co colexio de Cercio e cos outros?* e indicou que: *“había que mirar como están as aulas”*.

Engadiu que había en Lalín un centro concertado, funcionando agora. Se este ten que pechar xa se verá, porque era certo que algún pecha, pero non é esta a situación aquí, e polo menos durará un ano máis. Se o ano pasado funcionou, agora a cantidade que custaba era a mesma, aínda que estaba no medio a venda do colexio.

O voceiro popular **D. Román Rodríguez González** interrompeu para indicar que o sistema da normativa reguladora dos convenios cos centros concertados viña de Madrid, dos acordos adoptados coa Logse de fondo.

Proseguiu coa súa intervención **D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao**. Criticou as verbas do voceiro popular, quen afirmou que non se fixo nada por Lalín, porque non eran certas. Lembrou que o acompañante de autobús era un logro desta Consellería; e preguntou se a gratuidade dos libros de texto afectaba ou non a Lalín.

Neste punto **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** e **D. Román Rodríguez González** indicaron que esta medida afectaba a todos, Galicia incluída.

Volveu indicar **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** que a voceira socialista, se a C.Educación e O.U. non fora do PSOE, apoiaría a moción.

**D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao** preguntou á anterior interveniente, *¿segue apoiando vostede a existencia do Colexio de Cercio?*

Respondeu **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** no sentido de que é a Consellería de Educación e O.U. a que ten que buscar solucións aos problemas que hai. Afirmou que o comedor no colexio Manuel Rivero non era gratuito agora; si que o foi o ano pasado; pero agora os pais tiñan que pagar unha parte do seu importe.

Finalmente **D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao** reiterouse no xa dito anteriormente e rematou no medio deste debate, indicando que en Donramiro había prazas vacantes, *¿que se facía con elas?, preguntou.*

Sometida a moción a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* quince (15) dos que doce foron do PP e tres do BNG

*Votos en contra:* cinco (5) do PSOE

*Abstencións:* unha, de D. Xosé Crespo Iglesias que se ausentou da sesión ao comezo do debate deste punto.

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción con base nos seguintes antecedentes:

No casco urbano de Lalín existen 5 centros escolares: 2 de primaria: Xesús Golmar e Manuel Rivero, e 2 de ensino medio: IES Ramón M<sup>a</sup>. Aller e IES Laxeiro. (Ademais dun colexio de ensino privado). Estes centros teñen en común o estar asentados todos eles na zona leste da vila (parte alta), en terreos que son próximos a Lalín de Arriba e que foron parte do solo de cultivo ou prados desta parroquia.

A mediados do ano 2006, ao fío dun debate sobre a necesidade de ampliación dun destes centros escolares de recente construción, o BNG plantexou unha proposta que está na liña de traballo da nosa organización, consistente basicamente na necesidade de construír un novo Centro na zona oeste ou zona baixa da vila, que está a experimentar unha forte expansión (Regueiriño, rúa Ramón Aller, Corredoira, Donramiro, Carragoso, etc), mantendo, claro está, unha óptima conservación dos xa existentes, e realizando as reformas precisas, pero sen facer máis ampliacións de aulas.

A xustificación desta proposta ven dada polo que consideramos como máis práctico e pedagóxico, isto é, fuxir das grandes concentracións escolares en centros masificados e facilitando que os desprazamentos dos nenos e nenas sexan os menores posibles entre os seus domicilios e os centros de estudo.

Observamos que a vila de Lalín experimenta un medre bastante homoxéneo en diversas direccións, e sen embargo a concentración da infraestrutura escolar está dirixida a unha única zona, isto é necesario corrixilo a curto ou medio prazo, de maneira que a oferta escolar se diversifique do mesmo xeito no que se está a distribuír a poboación lalinense.

Con esta práctica conseguiríamos evitar desprazamentos innecesarios e perigosos, especialmente tratándose de nenos de moi curta idade, ademais de

facilitarlles o aproveitamento de tempo aos pais e nais, evitando ao mesmo tempo o uso dos coches na medida do posible.

Ademais de estar localizados nunha mesma zona da vila, os colexios de primaria están sendo insuficientes, con aulas de 22 alumnos de media e que moitas delas acadan ata 25, un número que excede con moito o pedagoxicamente recomendable. Concretamente, o colexio Manuel Rivero conta unicamente con 9 unidades, e a pesares de ser de recente construción, está quedando novamente “encaixonado” rapidamente entre edificios e viais, como lle ocorreu ao seu antecesor, xa que se segue primando a pura especulación urbanística fronte aos intereses do común dos cidadáns. Pola súa banda, o Xesús Golmar, con ter máis unidades (28), sofre practicamente a mesma masificación de alumnos por aula, ademais está vello e anticuado desde o punto de vista infraestrutural, feito este que motiva a decisión da construción dun novo.

Temos que ter en conta que o noso Concello conta cos mesmos centros escolares desde hai máis de tres décadas (moito ten mudado Lalín desde aquelas), e non é certo tampouco que se fixera un novo colexio recentemente (Manuel Rivero), senón que o que se fixo foi un cambio de ubicación.

#### **En consecuencia, o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**1º.-** Instar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia á construción dun novo centro escolar en Lalín, na súa zona oeste.

**2º.-** Que a Comisión de Urbanismo se reúna de forma urxente para estudar a ubicación máis idónea e a consecución do solo necesario para construír o novo centro.

#### **7.2.- MOCIÓN DO BNG PROPOÑENDO A APROBACION DUN REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁN.-**

Deuse conta pola Presidencia da moción do grupo nacionalista de data 23-8-2008, entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 5047. De seguido o Sr. Secretario leu o ditame da Comisión Informativa de Relacións Institucionais e Seguridade Cidadán do día 1 de setembro de 2008 desfavorable á mesma.

*Neste intre, sendo as 13:14 horas abandonou definitivamente a sesión D. José Antonio González González, quedando con 11, 5 e 3 os grupos municipais PP,PSdeG-PSOE e BNG e o número de asistentes en 19.*

Na rolda de intervencións **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que coa moción perseguían un obxectivo básico: facilitar os mecanismos que fagan posible a democracia participativa, algo que era posible e necesario. Coidaba que a súa aprobación non perxudicaría ao goberno, senón que sería ao revés: fortaleceríano e incentivaríano para atender mellor as demandas. En época de crise como era a actual, había tamén que dar un novo curso á figura do pedáneo, actual delegado da Alcaldía. O papel que cumpre esta figura é esencialmente político, e funciona realmente coma unha “correa de transmisión do Alcalde”, salvo honrosas excepcións. En suma, propugnaba menos control político e mais participación. Por elo pediu crear un regulamento e uns estatutos.

Tamén desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** dixo estar a favor do que se pedía na moción, porque tamén ía no seu programa. Eles propuñan que os pedáneos foran elixidos polos veciños. Coidaba que a participación dos

veciños podía facerse mediante a representación destes en asociacións, deportivas, culturais e de veciñais, aínda que as veces se puideran tratar algúns temas concretos de forma directa, de xeito que puideran ter opinión e expresalas en asuntos que lles afecten. Os asuntos podían ser por exemplo os de infraestruturas xerais, e mesmo o caso do edificio do Concello, por poñer un exemplo.

Doutra banda o PP non conta coa representación política dese corenta por cento dos veciños que se abstiveron, e que agora non poden participar. Deste xeito, coa fórmula proposta, si que participarían. Lembrou que ata hoxe so se utilizaba pola contra polo grupo de goberno ás asociacións de empresarios dun xeito partidario e segundo lle interesa.

No grupo de goberno non se participaba desta iniciativa. **D. Román Rodríguez González**, voceiro do grupo popular indicou que había que ter un respecto hacia todos os pedáneos, e non só con algúns, pola gran labor que diariamente fan a prol da súa parroquia, que son respectados polos veciños e mesmo son elixidos polos veciños e finalmente nomeados polo *Sr. Alcalde*. Rexeitou ese pretendido carácter político dos mesmos. Dixo que o PP non é unha organización que propugna o asembleismo como forma de participación política directa. Non o apoiaban, porque coidaban que non era necesario, xa que se contaba con sistemas indirectos, que facían innecesarios os consellos ou asembleas. O PP, dixo, estaba próximo ós veciños e a diario os edís do goberno municipal recibían a moitos deles que viñan a falar e a pedir cousas para a súa parroquia. Non sucedía como pasaba no Concello de Santiago, no que había que pedir vez para falar cos edís; aquí iso non facía falta, e se fala diariamente cos mesmos.

Na segunda rolda de voceiros **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** dixo alucinar coas verbas escoitadas de *D. Román Rodríguez González*, o voceiro popular. Apuntou como exemplo que na súa parroquia, Moneixas, onde vive, non houbo elección de pedáneo, senón unha asemblea e na que o fillo pasou a ocupar o posto do seu pai, e posteriormente nomeouno o *Sr. Alcalde*. Non houbo intervencións, nin palabras. Fíxose todo a medida; ó mellor noutras parroquias houbo selección de pedáneos; na súa parroquia desde logo non. As excepcións de pedáneos que non eran persoas de control da Alcaldía, podíamos contalas.

O PP avoga por unha democracia non participativa. Podía ser que o Alcalde non se negara a falar con ninguén e defende o seu modelo. Pero nos falamos de relacións a nivel veciñal, non a nivel persoal, senón a un nivel colectivo. “Os chiringuitos creados”, coma a Fundación para o Deporte eran exemplos do modo de entender que tiña o PP da organización e da representación. Anunciou que se falaría proximamente deste tema no pleno. As asociacións darían máis ideas de actuación fronte a unha sociedade desartellada. Finalizou afirmando que por si mesma, a moción era asumible.

*Sendo as 13,28 horas incorporouse á sesión e recuperou a Presidencia D. Xosé Crespo Iglesias, quedando o total de asistentes en vinte, e os grupos popular socialista e nacionalista con 12, 5 e 3 respectivamente.*

Tamén **D. Manuel María González Aller** reiterou que apoiarían a moción, aínda que sabían que non sería aprobada polo grupo de goberno. Coidaba que este regulamento e en xeral a participación cidadán serviría entre outras cousas para que o grupo de goberno coñecera a opinión dos veciños en moitos aspectos e temas que lles afectan.

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** volveu a insistir en que eles eran partidarios da comunicación e da participación directa entre os veciños e o goberno municipal, sen intermediarios. Non había ningún caso dalgún veciño que

non fora recibido para escoitalo e para falar con el; outra cousa distinta era que se tivera en conta ou que se aceptara o que pedían os veciños.

*Na moción pedíase a elaboración e a aprobación por parte do Pleno dunha proposta de Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Lalín, que contemple os apartados que na moción se indican.*

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* oito (8) dos que cinco (5) foron do PSOE e tres (3) do BNG

*Votos en contra:* doce (12) do PP

*Abstencións:* unha (1) de D. José Antonio González González

En consecuencia, **REXEITOUSE** dita moción.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS**

### **PSdG-PSOE**

Por escrito:

D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao

En relación ás rúas do casco urbano:

1.-ROGO.-Que se coloque en cada rúa a placa co nome correspondente, xa que despois de varias reunións da comisión do rueiro ao longo destes últimos anos nas que se dicía que unha vez consensuados os nomes ou o cambio deles, poderíanse colocar nas rúas as placas cos nomes definitivos. Os/as lalinenses non se merecen tal abandono por parte do goberno municipal, nin tampouco os transportistas, nin os que se achegan a diario á nosa vila para coñecela ou para facer a compra nela. Mal se pode promocionar o turismo en Lalín se carecemos de algo tan básico para poder movernos nel.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

2.- ROGO.- Que se proceda a limpar as rúas do Regueiriño e a colocar nelas colectores para a recollida de lixo de xeito selectivo, pois é un servizo básico para os domiciliados nelas (non parece moi axeitado que a día de hoxe teñan que depositar o seu lixo amontoado xunto ás papeleiras).

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

3.- ROGO.- Que se limpen as beirarrúas (“aceras”), non só as das rúas máis céntricas.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

### **ROGO**

En relación co páxina web: [www.lalin.org](http://www.lalin.org):

1.- ROGO.- Que se renove e se actualice a información.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

2.- ROGO.- Que no apartado de “Plenos” se sigan colgando as actas, pois dende a do mes de marzo segue sen aparecer ningunha máis.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

3.- ROGO.- Que se anuncien nela todas as convocatorias públicas de emprego municipal.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

Formuladas oralmente:

D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao:

1.- ROGO.- Que a páxina web do Concello de Lalín aínda estaba sen actualizar, a pesares de que na última sesión preguntouse e se contestou indicando que o funcionario encargado estaba de vacacións. Agora está e no traballo e a páxina segue sen actualizar, pregúntase se hai algunha intención de ocultaren algunha cousa.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

2.- ROGO.- Que se arranxe o alumeadado público do paseo do Pontiñas, porque onte paseou por el e estaba sen arranxar.

*Contestou D. Xosé Crespo Iglesias para indicar que el pasou ás once da noite e xa estaba arranxado; e dixo que el vivía aquí e non na estratosfera.*

3.- ROGO.- Que o Concello facilite os datos de represaliados pola dictadura franquista tras a Guerra Civil de España, que estean no seu poder.

*Tamén respondeu D. Xosé Crespo Iglesias para insistir en que el era partidario de non escarbar máis neste tema, e coidaba que esta iniciativa era un erro histórico. Eles e ningún dos aquí presentes na sesión tiñan nada que ver nin co franquismo nin coa guerra civil.*

1.- PREGUNTA.- ¿Para que se utiliza a cancha (pista) que está ao lado da praia fluvial de Vilatuxe?.

*O Sr. Alcalde indicou que se respondería por escrito.*

2.- PREGUNTA.- ¿En que medio ou en que vehículo volveu a Lalín o técnico municipal que acompañou a D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey nesa viaxe a Porto do Son, e que rematou en Sanxenxo?

*O Sr. Alcalde indicou que se respondería por escrito.*

**BNG.-**

D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude:

1.- ROGO.- Pide que as prazas de aparcamento na rúa G se regulen e se pinten de azul, porque hai un certo descontrol no estacionamento nesta rúa e na zona.

O Sr. Alcalde indicou que se respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- ¿Cando se vai abrir a rúa situada enfronte á Estación de Autobuses?

*Contestou D. Xosé Crespo Iglesias para indicar que estaba previsto abrila o venres da semana que ven, e a que estaban todos os edís invitados, esperando que acudisen á mesma, o mesmo que el facía e cando lle invitaban a actos de organismos de diferente cor política, coidando que era normal este comportamento institucional.*

3.- PREGUNTA.-¿Cando se vai arranxar a pista que vai de Gresande a Porreiros?

O Sr. Alcalde indicou que se respondería por escrito.

Dª. Susana Rodríguez Cambón.

1.- PREGUNTA.- ¿Ten medios a Policía Municipal para realizar as medicións de rúidos en locais abertos ao público en Lalín?

O Sr. Alcalde indicou que se respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- En caso de resposta afirmativa, ¿eses medios están homologados?

O Sr. Alcalde indicou que se respondería por escrito.

3.- PREGUNTA.- ¿Está a Policía Local en disposición legal e real de usalos?

O Sr. Alcalde indicou que se respondería por escrito.

1.- ROGO.- Xa que estamos inmersos nunha situación de crise económica, pide que se realice un plan de aforro municipal, por exemplo reducindo gastos nas partidas de protocolo, en publicidade, en dietas e en gastos de gabinete da Alcaldía.

O Sr. Presidente quedou enterado.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.

1.- PREGUNTA.- ¿Hai algo de facer algunha viaxe a Buenos Aires?

*Contestou D. Xosé Crespo Iglesias indicando que si, que o día 5 de outubro de 2008 era o centenario do Centro Lalín en Buenos Aires. Había unha iniciativa para acudir alí, á República Arxentina aos actos conmemorativos que se celebren. Aínda non se sabía cantas persoas irían nesta viaxe, como, e con que medios económicos, pero pediulles aos membros da oposición que indicaran nos vindeiros días a súa disposición ou non para acudir a dita viaxe. Coincidirán eses actos coa celebración que facían alí das festas da Virxe da Nosa Srª. das Dores. Por último anunciou que tamén estaba previsto que a Deputación Provincial de Pontevedra participara nos mesmos cunha ofrenda. Reiterou o dito aos edís que quixeran participar na viaxe.*

COMUNICACIÓN.-

Tamén adiantou **D. Xosé Crespo Iglesias** que estaba previsto que este ano que ven, 2009, se conxelen todos os soldos, as dietas e demais retribucións dos membros de goberno, tales coma as asistencias a sesións plenarias, comisións informativas e xuntas de goberno, nas mesmas contías que ata agora estaban aprobadas.

A maiores engadiu que el ía pedir expresamente que se conxelen tamén os de todos os cargos políticos, por exemplo os dos deputados dos gobernos central e autonómico e os cargos destas dúas administracións e non só os dos concelleiros e Alcaldes.

E non habendo outros asunto que trataren, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado, e no mesmo lugar onde comezou a sesión, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo isto dou fe pola miña condición de Secretario e fedatario público.

Vº e Prace